

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

1821 Orde FOM/189/2010, do 26 de xaneiro, pola que se modifica a Orde FOM/3200/2007, do 26 de outubro, pola que se regulan as condicións para o goberno das embarcacións de recreo.

A Orde FOM/3200/2007, do 26 de outubro, pola que se regulan as condicións de goberno das embarcacións de recreo, ten entre os seus obxectivos a regulación dos medios técnicos e materiais de que, por razóns de seguridade marítima, da navegación e da vida humana no mar, deben dispor as escolas dedicadas ás actividades de formación de ensinanzas náutico-deportivas.

A Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, incorporou ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2006/123/CE do Parlamento e do Consello, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior (Directiva de servizos). Con ela preténdese a consecución dun espazo sen fronteiras interiores en que quede garantida a libre circulación de servizos e a liberdade de establecemento no ámbito da Unión Europea. Neste sentido é esencial a eliminación das barreiras xurídicas e trabas administrativas que na actualidade restrinxen o desenvolvemento destas liberdades.

Para poder dar cumprimento aos obxectivos anteriormente sinalados, considerouse necesario modificar a Orde FOM/3200/2007, co fin de suprimir o requisito da compulsa de determinados documentos que se lles exige no artigo 25.1 ás escolas que queiran impartir ensinanzas náuticas e de obtención e expedición de títulos náuticos.

A norma recibiu informe favorable da Comisión Nacional da Competencia, do Ministerio de Economía e Facenda e do Ministerio de Política Territorial.

Esta orde dítase ao abeiro do título competencial recollido no 149.1.20ª da Constitución española, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de mariña mercante, exercida polo actual Ministerio de Fomento nos termos que recollen o artigo 86.9 e o artigo 6.1 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde FOM 3200/2007, do 26 de outubro, pola que se regulan as condicións de goberno das embarcacións de recreo.*

Os parágrafos antepenúltimo e penúltimo do punto 1 do artigo 25 da Orde FOM/3200/2007 quedan redactados da seguinte maneira:

«Copia dos certificados de navegabilidade das embarcacións de recreo utilizados na realización das prácticas básicas de seguridade e navegación, que acrediten a disposición de todo o equipamento necesario para realizar a práctica correspondente ao título obxecto dela.

Copia da documentación acreditativa de que os instrutores encargados de impartir e supervisar as prácticas están en posesión das titulacións mencionadas no artigo 24 e anexo VI.»

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións do mesmo rango se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20ª da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de mariña mercante.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para actos de execución.*

O director xeral da Mariña Mercante ditará os actos necesarios para a execución desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 26 de xaneiro de 2010.–O ministro de Fomento, José Blanco López.